



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de febreiro 2010

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE FEBREIRO 2010



1.- Resumo

O mes de febreiro quedou caracterizado pola persistencia de situación de tempo húmido, coa excepción da semana comprendida entre o 11 e o 16 e os tres primeiros días do mes nos que o predominio foi de tempo frío e seco. Así, o mes comezou baixo condicións anticiclónicas, e cunha masa de aire frío e seco. Isto fixo que este período estivese caracterizado polas baixas temperaturas, as xeadas xeneralizadas e os bancos de néboa. A partir do día 4 as borrascas comezaron a chegar novamente á Comunidade, deixando temperaturas algo máis altas en xeral, pero con chuvias, que na xornada do día 4 acadaron intensidade moderada. As circunstancias cambiaron novamente o día 11, cando as altas presións entraron novamente en Galicia. A situación entre o día 11 e o 16 estivo caracterizada tamén pola presenza de baixas presións entre o Mediterráneo e Europa oriental, que impulsaron a chegada dunha masa de aire polar continental cara a península Ibérica. Galicia non se viu moi afectada por esta circunstancia aínda que a sensación térmica foi de moito frío neste período, debido a que as baixas temperaturas víronse acompañadas de intensos ventos de compoñente leste. A partir do 17 e ata finais de mes a chegada de borrascas foi practicamente continúa, e polo tanto tamén os días de chuvia. Destaca neste sentido a derradeira semana, con situacións practicamente continuadas de alerta meteorolóxica por vento e chuvia dende o domingo 21 ata o sábado 27, cando o paso da cicloxénese explosiva Cynthia deixou Galicia en alerta vermella por ventos. Nesta xornada rexistráronse refachos de ata 196 km/h en alta montaña, destacando os 147 km/h recollidos na estación Vigo-Campus.

Temperaturas:

As temperaturas estiveron en xeral por debaixo dos valores normais para un mes de febreiro, polo que debemos considerar este período como frío. Un exemplo deste comportamento o temos en Lugo, onde se rexistraron 12 xornadas con temperaturas mínimas por debaixo dos 0°C.

Chuvias:

O mes foi húmido ou moi húmido en toda Galicia. Destacan tanto as cantidades como os días de chuvia durante o mes. O punto máis destacado neste sentido é Santiago de Compostela, onde se recolleron 291 mm de choiva en 17 días con choiva por riba de 1 L/m².

**2.- Táboas de datos**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	FEBREIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.5	11.0	13.4 (1990)	9.3 (1981/83)
Tª mínima media	6.7	8.1	10.8 (1990)	6.1 (1981)
Tª mínima absoluta	1.7 (día 2)	0.2 (15/02/1983)		
Tª máxima media	12.8	13.8	16.7 (1998)	11.8 (1973)
Tª máxima absoluta	16.8 (día 27)	24.6 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	108	77-101	234 (1979)	18 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	23 (1986)	3 (1993)

Comentario:

Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínima e media, con máis dun grado de diferenza con respecto ó valor agardado. O mes é frío tendo en conta a temperatura máxima. A precipitación rexistrada é superior ao valor agardado, polo que o mes pódese considerar húmido. O número de días de choiva é normal.

**SANTIAGO**

	FEBREIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.4	9.6	11.8 (1998)	7.4 (1983)
Tª mínima media	4.3	5.6	9.0 (1990)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	-1.7 (día 14)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª máxima media	11.0	13.6	17.6 (1998)	10.5 (1983)
Tª máxima absoluta	15.0 (día 27)	22.8 (22/02/1990)		
Precipitación acumulada	291	153-170	347 (1986)	25 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	17	14	22 (1986)	4 (1993/98)

Comentario:

Mes moi frío en xeral, especialmente na temperatura máxima sendo máis de dous grados inferiores ao agardado.

A chuvia rexistrada é moi superior o rango de valores normais, polo que o mes pódese considerar moi húmido. O número de días de choiva tamén é superior á media climática.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	FEBREIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.6	7.5	10.7 (1990)	3.9 (1981)
Tª mínima media	1.4	3.3	7.5 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-5.3 (día 14)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª máxima media	10.5	11.7	16.1 (1998)	9.0 (1981)
Tª máxima absoluta	16.2 (día 27)	23 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	169	63-90	275 (1979)	22 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	16	12	23 (1977)	3 (1992/98)

Comentario:

Mes moi frío en canto ás temperaturas mínima e media e frío en canto as máximas.

A chuvia acumulada é moi superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. Os días de chuvia son moi superiores ao agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	FEBREIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.5	10.1	12.8 (1990)	8.4 (1973)
Tª mínima media	5.9	5.4	9.7 (1990)	3.2 (1999)
Tª mínima absoluta	-0.2 (día 14)	-2.8 (12/02/1978)		
Tª máxima media	14.1	14.8	18.3 (1998)	12.5 (1983)
Tª máxima absoluta	17.7 (día 27)	23.5 (14/02/1998)		
Precipitación acumulada	220	148-187	526 (1979)	12 (1993)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	16	13	23 (1977)	3 (1992/1998)

Comentario:

Mes frío en canto as temperaturas media e máxima e cálido en canto á temperatura mínima. A chuvia rexistrada é superior ao rango normal de valores polo que o mes pódese considerar húmido. O número de días de chuvia é superior ao valor climático.

OURENSE

	FEBREIRO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	9.3	12.3 (1990)	6.5 (1981)
Tª mínima media	4.2	3.8	8 (1990)	0.7 (1992/93)
Tª mínima absoluta	-2.7 (día 13)	-5.2 (12/02/1978)		
Tª máxima media	13.2	14.8	18.9 (1998)	11.3 (1981)
Tª máxima absoluta	18.9 (día 27)	24.8 (25/02/2000)		
Precipitación acumulada	147	57-70	245 (1979)	4 (1993)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	14	10	21 (1977)	1 (1992)

Comentario:


Tendo en conta as temperaturas máxima e media o mes pódese considerar moi frío mentres que é normal para a temperatura mínima. A chuvia acumulada é moi superior ao valor agardado, polo que o mes considérase moi húmido. O número de día de chuvia tamén é moi superior ao agardado.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presións a nivel medio do mar
Febreiro 2010**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.
Febreiro 2010**





3.3.- Temperatura media das máximas



Tmáx -- 02/2010

www.meteogalicia.es



3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)

